



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE 24-09-2024.

ENVÍO:

TIPOLOXÍA: CHUVIAS

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: LARANXA

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa nos boletíns número 43/71 e 217/71GAL, emitidos o día 24-09-2024 ás 11:25 h, dos seguintes fenómenos meteorolóxicos adversos para a Comunidade Autónoma de Galicia;

NIVEL LARANXA POR CHUVIAS:

Actívase *nivel LARANXA* por chuvias para a **PROVINCIA DA CORUÑA (OESTE E SUROESTE) e provincia de PONTEVEDRA (RÍAS BAIXAS E INTERIOR).**

Prevese que as chuvias acaden os 80 litros por metro cadrado en 12 horas.

O fenómeno meteorolóxico adverso iniciárase a primeira hora da mañá

do **mércores 25-09-2024** estando previsto que finalice a primeira hora da mañá do xoves 26 de setembro.

Nos boletíns tamen se activa o nivel amarelo por chuvias:

CHUVIAS (NIVEL AMARELO)

A Coruña (Oeste e Suroeste); Lugo (Sur) e Pontevedra (Rías Baixas e Interior); actívase nivel amarelo por chuvias que poden acadar os 15 litros por metro cadrado nunha hora, desde primeira hora da tarde.

A Coruña (Noroeste e Interior); Ourense (Noroeste, Sur e Montaña) e Pontevedra (Miño), actívase nivel amarelo por chuvias que poden acadar os 50 litros por metro cadrado en 12 horas desde primeiras horas da tarde.



No SUR de Ourense as máximas precipitacións acadaranse na zona da Baixa Limia. En Lugo e Ourense (Miño e Valdeorras), actívase o nivel amarelo por chuvias que poden acadar os 40 litros por metro cadrado en 12 horas, desde primeira hora da mañá do día 25 de setembro.

Tamén se activa o **NIVEL AMARELO por VENTOS** que afectarán aos seguintes ámbitos xeográficos.

VENTOS (NIVEL AMARELO)

A CORUÑA (NOROESTE)

LUGO (A MARIÑA)

Comezará a primeira hora da tarde de mañá mércores 25, con ventos que poden acadar os 90 km/h.

A CORUÑA (OESTE, INTERIOR E SUROESTE)

LUGO (CENTRO E MONTAÑA)

OURENSE (NOROESTE E MONTAÑA)

PONTEVEDRA (INTERIOR).

Comezará a primeira hora da tarde de mañá mércores 25, con ventos que poden acadar os 80 km/h.

Vento do suroeste. En zonas de interior o aviso refírese a zonas elevadas e expostas.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: ADOPTEN as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, ALERTEN ou MOBILICEN aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es

